

Branco de Neve: un mozo senlleiro

Branco de Neve é un rapaz moi guapo cuxa madrasta era a máis fermosa do bosque. Pero a medida que este crecía convertíase cada vez nun home máis guapo e forte, ata que un día a madrasta preguntoulle ao seu espello quen é a persoa máis fermosa do bosque e, por primeira vez, cambiou a súa elección e dixo ao seu fillastro, e esta botouno de casa e detrás del enviou aos mellores cazadores de patos silvestres do bosque, pero non foron capaces de matalo, porque lles deu pena xa que era moi torpe.

Despois de varios días camiñando á deriva, chegou a unha casa, na que vivían catro mulleres e tres homes que nunca facían nada, e chegou Branco de Neve á súa casa e atopou todo desordenado e comezou a ordenar a cambio de poder quedarse a vivir alí. Así estivo durante meses, ata que un día a súa madrasta deuse conta de que o seu fillastro seguía vivo e decidiu saír soa a buscalo, buscou durante días ata atopar a súa posición exacta e acampou a medio quilómetro deles, mentres esperaba o momento preciso para matalo dunha forma rápida e agónica.

Finalmente, despois de dous días acampando Branco de Neve saíu só ao bosque, e atopouse cara a cara coa madrasta aínda que ela non o viu e saíu correndo e nese momento ela decatouse diso e disparoulle un tiro directo ás costas. Despois disto el quedou tombado e ela foi correndo cara a súa casa. Os compañeiros de casa de Branco de Neve chamaron inmediatamente a unha cirurxiá que o operou alí no medio do bosque. Desde ese momento iniciouse unha guerra entre madrasta e fillastro.